**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O problema da falta de profesionais de pediatría na Atención Primaria, xa é un problema estrutural no Servizo Galego de Saúde, consecuencia en gran medida da falta de xestión, previsión e organización por parte da Consellería de Sanidade.

Cada ano son mais os centros de saúde, principalmente no rural, que suprimen os servizos de pediatría, un problema de sobra coñecido pero que cada ano empeora, posto que a xubilación das e dos profesionais, agudiza aínda máis as carencias.

Dende En Marea consideramos que é necesario abordar o problema en toda a súa complexidade, cunha concreta planificación dos MIR e un diálogo permanente co Ministerio, mediante o Consello Interterritorial de Sanidade.

A preocupación pola demografía e a despoboación non é compatible co recorte e o empeoramento de servizos tan esenciais como os da Atención Primaria.

Por todo o anterior En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno.

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:





- Trasladar ao Goberno Central as necesidades en número de novas e novos pediatras *ad futurum*, solicitando axustar estas necesidades na programación dos MIR por parte do Ministerio.
- Fomentar a estabilización das e dos profesionais e a contratación de calidade, para incentivar que queden en Galicia.
- En caso de que aplicando as medidas anteriormente mencionadas, un prazo breve de tempo, non se consiga cubrir as necesidades, estudarase coas e cos representantes da e dos traballadores, contratacións de persoal provinte doutros sistemas sanitarios.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 03/12/2018 14:02:46**

**Luis Villares Naveira na data 03/12/2018 14:02:54**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín María Fernández Leiceaga, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, establece: *“Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”* E no artigo 105.1 establece: *“de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”*

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o primeiro Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.



O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

*“I.-Financiamento:*

*Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:*

- *Regulación do Fondo galego de cooperación local.*
- *Fondo de compensación interterritorial*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos*
- *Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria.”*

Pasados 12 anos desde a sinatura deste primeiro Pacto local galego e con catro anos consecutivos nos que o crecemento da economía galega, en termos de PIB, se sitúa no entorno do 3 %, é o momento de iniciar o debate, no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, sobre un II Pacto local galego.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no seo da Comisión Galega de Cooperación Local:

1º) Inicie o debate sobre a consecución dun II pacto local galego.





2º) Incremente o Fondo Base do Fondo de Cooperación Local galego en 9.921.841€ en dous anos.

3º) Aprobe os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, garantindo a igualdade de acceso para todas elas.

4º) Constituír, no seo da Comisión Galega de Cooperación Local, unha mesa de coordinación na que estean representadas a Xunta de Galicia, as catro deputacións provinciais e os concellos galegos para impulsar e primar a prestación compartida de servizos municipais para reducir gastos e aproveitar as economías de escala.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/12/2018 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 41267**  
Data envío: 03/12/2018 19:01:49.809

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/12/2018 18:47:28**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 18:47:36**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/12/2018 18:48:17**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/12/2018 18:48:25**

**Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es**

CSV: REXISTRO-d9kiZuZ8-8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## Exposición de motivos

O val de Valdeorras discorre a beira do río Sil, entre as provincias de Lugo e León. Nel atópanse os municipios de Rubiá, Carballeda, O Barco, Vilamartín, A Rúa e Petín. Decenas de poboacións se dispoñen en ámbalas marxes do río, de forma lonxitudinal, dende a súa entrada na zona do estreito en Cobas (Rubiá), ata a súa saída noutro encaixonamento do mesmo en San Martiño (Petín).

O val está rodeado por grandes montañas que chegan a máis de 2000 metros de altitude en Pena Trevinca e que alcanzan cotas moi importantes nas cadeas montañosas que serven de división coas provincias de Lugo e Zamora. Esta peculiar orografía provocou que, ao longo de séculos, elixísese o val de Valdeorras para a creación de vías de comunicación entre a meseta e a costa de Galicia e de Portugal. A Vía Nova e o Camiño de Santiago de Inverno son dous claros exemplos de camiños ancestrais que atravesan esta comarca de lado a lado. O Camiño de Inverno, que discorre durante 30 quilómetros pola comarca de Valdeorras, é unha ruta moi antiga que era utilizada polos peregrinos que preferían un trazado tranquilo e con climatoloxía invernal pouco adversa, xa que ao seguir gran parte do curso do río Sil, evitábanse as nevadas que adoitan rexistrarse no Camiño Francés, principalmente no Cebreiro. En canto á Vía Nova, era unha das vías de maior importancia que os romanos construíron no noroeste de Hispania e viña completar a rede de comunicacións de carácter principal que Roma deseñou para articular o territorio conquistado por Augusto. Destaca por unha serie e singularidades que fortalecen a súa importancia histórica e patrimonial, xa que conserva un gran número de miliarios elaborados en grandes bloques cilíndricos de granito, destinados, do mesmo xeito que os nosos indicadores quilométricos de estradas, a orientar e informar ao camiñante; posúe numerosas pontes en bo estado de conservación; e ademais consérvanse grandes tramos da calzada que permiten coñecer a técnica construtiva empregada polos enxeñeiros romanos.



Estas dúas rutas, unidas entre si e sumadas a algúns camiños rurais para usos agrícolas que discorren polas marxes do río Sil, fan posible a creación dunha senda peonil que, percorrendo o val de forma circular, sirva tanto para o gozar do deporte e lecer dos habitantes, coma dos visitantes. A súa lonxitude (82.750 metros) e a existencia de infraestruturas de servizos en todos os municipios, fai que permita percorridos, ben co camiño enteiro, ben por etapas, tanto ao redor do val, como de paso polo mesmo. Polas súas características e lonxitude, é tamén apta para as rutas en bicicleta. Esta senda posibilita non só o coñecemento das poboacións que percorre, senón tamén dos seus atractivos, tanto paisaxísticos como monumentais e de todo tipo. Entre os recursos naturais de maior relevancia destaca a Serra Enciña da Lastra, no municipio de Rubiá. Con 3.151 hectáreas de superficie, o parque é un cordel montañoso de rocas calcáreas con profundos vales que separa o Bierzo (León) e Valdeorras (Ourense). Trátase dunha zona natural de gran importancia ecolóxica e paisaxística, entre cuxas peculiaridades xeomorfolóxicas destacan vinte covas de orixe kárstico, coñecidas como “palas”, un hábitat de extraordinaria importancia para, a lo menos 13 das 18 especies de morcegos achados en Galicia, e propicias para a práctica da espeleoloxía. Ten unha enorme diversidade Botánica, con máis de 1000 especies de flora superior, e unha gran variedade de fauna, con máis de 200 especies de vertebrados.

O devandito camiño está delimitado, sinalizado e acondicionado na práctica totalidade do seu percorrido, a excepción do tramo que discorre entre os municipios de Vilamartín e A Rúa, onde discorre pola N-536, o que provoca que resulte perigoso para os seus usuarios e usuarias. Por iso, faise necesario separar o camiño circular desta estrada para que se consiga un camiño totalmente libre de obstáculos e perigos. O Concello de Vilamartín xa realizou melloras, pero para dar continuidade ao executado no caso da Rúa, a dificultade do trazado, as fortes pendentes das ladeiras, a proximidade da infraestrutura do ferrocarril, e o feito de que o tramo da estrada polo acceso este ao núcleo da Rúa sexa de titularidade da Xunta de Galicia e non municipal, fan precisa a intervención do Goberno galego para prever un deseño seguro efectivo e que non produza interferencias coas infraestruturas citadas, con plenas garantías e seguridade, o que esixe unha solución técnica, algo máis elaborada que o mero feito de efectuar un camiño ou pista por unha ladeira. Con este obxectivo, o Concello da Rúa púxose en contacto en reiteradas ocasións coa Xunta de Galicia, sen obter ata este momento un compromiso claro de realizar obras de acondicionamento que redunden en melloras na seguridade deste tramo.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proxectar e executar durante o ano 2019, obras de acondicionamento e mellora de seguridade no Camiño Circular de Valdeorras. Para elo, separarase o tramo do camiño que discorre pola N-536 comprendido entre as localidades de A Rúa e Vilamartín, dando continuidade ás melloras xa executadas polo Concello de Vilamartín, a través do acceso este ao núcleo da Rúa de titularidade da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Concepción Burgo López  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2018 11:06:04**

**Raúl Fernández Fernández na data 04/12/2018 11:06:10**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 04/12/2018 11:06:16**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2018 11:06:21**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/12/2018 11:06:27**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## Exposición de motivos

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas e grandes das comarcas galegas. Esta decisión tivo que ver coa necesidade de resolver o problema derivado das vacacións dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias. Nalgúns centros, a ausencia do e da profesional de pediatría cóbrese con médicos de medicina familiar con algunha experiencia previa en atención pediátrica, ou con algunha formación en puericultura, e nunha gran parte deles non ten ningunha cobertura.

Con motivo desa decisión da agrupación do servizo en torno a determinados centros de saúde, e ao fío dunha interpelación e moción presentada polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia non confirmou nin desmentiu que a agrupación de profesionais fose unha decisión con previsión de estabilidade, o que acentuou a preocupación de pais e nais que non tiñan certeza sobre a continuidade do servizo de pediatría en primaria, atendido nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría, como a nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa, a deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais que buscan precisamente o contrario, ou a ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, que na actualidade mantén a ausencia de pediatras en moitos puntos da xeografía, mantendo a decisión da agrupación de pediatras en torno a



centros de saúde que funcionan, no respecto a este servizo, como puntos de referencia comarcais.

É preciso, non entanto, considerar o servizo de pediatría coa atención suficiente para facer un plantexamento común que resolva o problema actual na medida do posible, e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado e valorado pola cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar da maior estabilización posible aos/as profesionais de pediatría traballadores do Sistema galego de saúde, que consolide a súa situación laboral evitando a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.
2. Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.
3. Acordar co Goberno de España a facilitación e axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia







**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 04/12/2018 12:47:44**

**Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2018 12:47:49**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/12/2018 12:47:53**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

## Exposición de motivos

*“Consolidar a nosa posición de líder no mercado de alugueiro residencial en España. Converternos nun dos operadores de referencia a nivel europeo, a través dun modelo de xestión de renda, sostible e socialmente responsable, que aporte valor a todos os nosos grupos de interese e ás sociedades onde desenrolamos a nosa actividade.”*

Esta é a visión empresarial que na súa páxina web indica unha das Socimis (Sociedades Anónimas Cotizadas de Inversión Inmobiliaria) que a día de hoxe está implantada con activos inmobiliarios en Galicia. Unha visión que dista moito de ser socialmente responsable con moitos dos veciños e veciñas que son novas arrendatarias das mesmas.

A aterraxe na nosa comunidade afecta xa a localidades como Pontevedra, Vigo, A Coruña, Cambre, Culleredo, Narón, Santiago de Compostela e Ourense.

E así como algunhas das propiedades administradas proceden do mercado libre de vivenda, outras son froito de adquisicións de edificacións de protección oficial, nas que os veciños e veciñas que residían nelas previamente ven como o cambio de propiedade lles afecta cunha suba de prezos que lles resulta inasumible.

No caso de certas comunidades, como a Hábitat 60 Plus de Cambre, froito dun convenio entre o concello e FADESA, e pensada para dar resposta a colectivos de alta vulnerabilidade, como mozos e mozas entre 18-30 anos e maiores de máis de 65 anos, ve como 20 anos máis tarde as condicións se modifican e a súa función e uso social queda totalmente desprotexido.

A práctica de cobros abusivos, na que se respectan as bases de alugueiro pero se incrementan os prezos dos subministros sen unha xustificación clara, ten levado a que moitas e moitos inquilinos teñan xa abandonado a edificación en busca de



alugueiros máis económicos, ou se vexan involucrados en procesos de desafiuzamento por impago.

A incapacidade de comunicación áxil coa propiedade, só a través dun enderezo electrónico, impide e dificulta o entendemento entre as partes, cunha clara vulneración dos dereitos das inquilinas e inquilinos, que ou ben aceptan cada mes importes dos que descoñecen a súa xustificación e desglose ou incapaces para soportar as cotas, vense na obriga de abandonar a edificación.

Así mesmo, a devolución dos depósitos de moitos os que decidiron marchar, vense retidos sen xustificación algunha, nun claro exercicio de abuso de poder e de falla total de transparencia.

Ó tempo que nalgún dos casos que xa se teñen manifestado na nosa comunidade, como o de Hábitat 60 Plus, se está a traballar desde o Concello de Cambre nun novo convenio que regule tanto o uso da edificación como a relación entre os novos propietarios/as e inquilinos/as, aínda en réxime de protección oficial, bótase en falla unha reacción por parte da Administración autonómica ante este tipo de situacións.

O artigo 67 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, no que se refire ás “Limitacións da facultade de dispoñer” di, no seu punto terceiro, que as vivendas protexidas promovidas para alugueiro poderán ser vendidas, de maneira individualizada ou por promocións completas, en calquera momento do período de vinculación a dito réxime de uso, previa autorización polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e nas condicións fixadas regulamentariamente.

No artigo 75 dise tamén , respecto ós “Dereitos de tanteo e retracto”, que o Instituto Galego da Vivenda e Solo terá dereito de tanteo e retracto sobre as vivendas protexidas e os seus anexos mentres dure o réxime de protección, nas segundas e posteriores transmisións inter vivos, sexan gratuítas ou onerosas, incluídas as derivadas de procedementos de execución patrimonial.

En resolución aprobada por unanimidade no pasado outubro, o Goberno adquiriu o compromiso de duplicar o parque de vivenda pública no dobre no horizonte de cinco anos.



Parece que para poder acadar ese fin, un dos modos máis eficaces sería comezar por evitar en todo caso a perda de máis vivenda con carácter social, adquirindo incluso aquelas comunidades e edificacións que con proteccións oficiais ou uso social alugadas a colectivos de alta vulnerabilidade puidesen pasar a formar parte do parque público de vivenda, como un activo máis.

Algo que sería entendible en casos como o de Cambre, cando nese concello se constata unha demanda no Rexistro Único de Demandantes da Comunidade Autónoma de Galicia de 188 persoas.

Non se entende como a administración, tendo manifestado ese interese por incrementar o parque público de vivenda, e ante o coñecemento deste tipo de oportunidades, non exerce o seu dereito de compra das edificacións, co fin de evitar precisamente que incluso se incremente o rexistro actual de demandantes de vivenda social, o que xa está acontecendo actualmente cun aumento de algo máis de cinco demandantes novos ó día.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Exercer o dereito de tenteo e retracto que lle outorga a actual *Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia*, naquelas operacións, que obrigatoriamente deben ser comunicadas á administración, de compravenda de vivendas de protección oficial, co fin de incorporalas ó parque público de vivenda, e nas que se valorará de modo prioritario:
  - a) Nivel de demanda existente e reflectida no Rexistro Único de Demandantes da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - b) As especiais condicións arquitectónicas da edificación, grao de adaptación e accesibilidade para todo tipo de colectivos vulnerables (mozos e mozas, maiores de 65 anos e persoas con discapacidade, familias cun único ou única proxenitora).
  - c) As condicións especialmente vulnerables dos colectivos ou unidades familiares residentes nas vivendas obxecto de compravenda.



2. Vixiar no caso de compravenda nesta tipoloxía de vivendas, a non vulneración dos dereitos das persoas arrendatarias por parte dos/as novos/as propietarios/as, esixindo a máxima transparencia nas actuacións e comunicacións entre as partes, exercendo no caso de detectarse prácticas abusivas as sancións previstas na lexislación vixente.

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 04/12/2018 17:33:51**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/12/2018 17:33:56**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2018 17:34:02**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/12/2018 17:34:06**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/12/2018 17:34:11**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao financiamento do festival de cine de Ourense.

### Exposición de motivos

O Festival de Cinema Internacional de Ourense (OUFF) é un dos eventos cinematográficos máis relevantes do noso país, un festival que este ano, despois da pésima xestión do goberno Popular de Ourense estivo en claro perigo de non poder ser realizado.

Foi así, pois atopámonos ante un festival organizado polo Concello de Ourense que ten contado en todas as súas edicións con moitos patrocinadores e colaboradores: entidades, empresas, e institucións, entre as que se atopa a Xunta de Galicia que, en vez de financialo mediante as convocatorias competitivas, acude ao patrocinio do mesmo.

Finalmente, o festival está a celebrar a súa vixésimo terceira edición sen que, a día de hoxe, se poida coñecer o diñeiro que a Consellería de Cultura destinou a tal evento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a duplicar a contía que AGADIC destina anualmente ás subvencións a festivais do sector audiovisual de xeito que





se dispoñan de fondos suficientes para o financiamento competitivo dos festivais que se realizan en Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 04/12/2018 18:14:47**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/12/2018 18:14:55**

**Luis Villares Naveira na data 04/12/2018 18:15:01**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través dos seus deputados **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, en relación á mellora das condicións de vida das persoas xordocegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordocegas son un colectivo numeroso e invisible no noso país e no resto do Estado. A Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, define a estas persoas con discapacidade deste xeito: “persoas con xordocegueira: Son aquelas persoas cunha deterioración combinada da vista e oído que dificulta o seu acceso á información, á comunicación e á mobilidade. Esta discapacidade afecta gravemente as habilidades diarias necesarias para unha vida minimamente autónoma, require servizos especializados, persoal especificamente formado para a súa atención e métodos especiais de comunicación.”

Estímase, segundo as asociacións e entidades que traballan neste eido, que en Galiza hai unhas 13.000 persoas con diversidade audiovisual e unhas 250.000 persoas. Sen embargo, estes datos son moi dubidosos, porque non hai un censo específico sobre esta afección a pesares de que houbo o compromiso do Goberno do Estado de dispoñer do mesmo en 2018.





Segundo o censo de persoas con discapacidade en Galiza (ano 2017), hai, con discapacidade recoñecida, no noso País, 23.655 persoas con discapacidade visual e 26.037 con discapacidade auditiva, pero carécese de datos oficiais sobre as persoas xordocegas. Existe un gran grupo de persoas que se poderían catalogar como xordocegas, moitas delas persoas maiores, xa que na terceira idade é moi frecuente a perda auditiva e visual, sendo un 60% das persoas xordocegas maiores de 65 anos.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos de persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle os dereitos das persoas con diversidade funcional, entre os que se atopan as persoas con discapacidade auditiva e visual, para as que non existe a plena integración na sociedade en diversas situacións cotiás, tan fundamentais e habituais como acudir aos servizos sanitarios ou aos supermercados.

Polo exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Colaborar co Goberno do Estado para a realización dun censo efectivo e real das persoas xordocegas para que estea rematado antes de mediados de 2019.
2. Dirixirse ao Goberno do Estado para regular a aplicación a todos os produtos dun sistema de identificación en sistema braille que indique o contido do produto, así como a instalación de códigos e lectores dos mesmos que indiquen mediante sons de que produtos se trata.
3. Impulsar protocolos específicos de detección precoz da xordocegueira en Atención Primaria.
4. Garantir a accesibilidade universal aos servizos sanitarios galegos.







Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 04/12/2018 18:47:20**

**Luis Villares Naveira na data 04/12/2018 18:47:27**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, segundo o último censo de persoas con discapacidade, do ano 2017, hai 42.300 persoas con discapacidade sensorial, o 18,2% das persoas con discapacidade e o 1,5% da poboación galega.

As persoas con discapacidade sensorial teñen dereito a ser atendidas no sistema sanitario en igualdade de condicións ao resto da poboación, pero a falta de accesibilidade universal neste eido xera situacións de ansiedade e mesmo diagnósticos e tratamentos erróneos.

O artigo 19. c) da Ley 27/2007, de 23 de outubro, por la que se reconocen las lenguas de signos españolas y se regulan los medios de apoyo a la comunicación oral de las personas sordas, con discapacidad auditiva y sordociegas, establece que “as Administracións sanitarias promoverán os medios de apoio á comunicación oral dos usuarios que o precisen naqueles centros sanitarios que atendan a persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas”.

O SERGAS ten servizos de videointerpretación para persoas xordas pero non en todo o sistema e non as 24 horas. Así mesmo, a Xunta ten un sistema de videointerpretación en lingua de signos para o acceso ao 012, que canaliza todas as consultas de información xeral que a cidadanía dirixe á Administración, pero o servizo só funciona de 8:00 h a 20:00 h en días laborables, igual que o acceso ao





112, do cal só se dispón dende 2018. Tamén se dispón de servizos de intérpretes pero de xeito parcial, en colaboración con entidades do terceiro sector.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galicia a:

1. Dispor de servizos de interpretación e acompañamento para as persoas con discapacidade sensorial no SERGAS, de xeito que se garanta no sistema galego de saúde a accesibilidade universal as 24 h todos os días do ano.
2. Garantir interpretación áxil e doada de lingua de signos nos servizos de emerxencia e nos sistemas de comunicación con estes as 24h todos os días do ano.
3. Impulsar a formación do persoal de emerxencias en linguaxe de signos.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**





**Paula Vázquez Veroa na data 04/12/2018 19:07:44**

**Luis Villares Naveira na data 04/12/2018 19:07:52**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Anxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As linguas de signos son sistemas de xestos e expresións visuais, empregados polas persoas con discapacidade auditiva e/ou dificultades na fala, así como quen viven e conviven con elas.

A Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva ou xordo-cegas, recoñece oficialmente a lingua de signos española e a catalá, así como o dereito a aprendelas e usalas. Sen embargo, nin a lei estatal nin as leis autonómicas recoñecen oficialmente unha lingua de signos galega.

Para garantir a accesibilidade universal das persoas xordas a todos os servizos públicos, tal como recoñece o artigo 19 da Lei 27/2007, é necesario o aumento do coñecemento das linguas de signos e a extensión de sistemas de interpretación na Administración.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno:





O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar o recoñecemento oficial da Lingua Galega de Signos.
2. Incluír como mérito nos procesos selectivos de persoal da Administración o coñecemento de linguaxes de signos.
3. Garantir o servizo de interpretación de linguas de signos en todos os servizos públicos.
4. Garantir interpretación de linguas de signos nos números de teléfono de emerxencias as 24 h. todos os días do ano.
5. Impulsar a formación do persoal de emerxencias en linguaxe de signos.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Anxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 04/12/2018 19:21:41**

**Luis Villares Naveira na data 04/12/2018 19:21:49**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/12/2018 19:21:56**

**Luca Chao Pérez na data 04/12/2018 19:21:59**

**Carmen Santos Queiruga na data 04/12/2018 19:22:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministro de Fomento fixo o día 3 de outubro unha visita a Galiza e fixo declaracións públicas que crean alarma e preocupación. Resumindo o contido das súas manifestacións podemos concluír que veu de novo co clásico repertorio de anuncios, estudos e promesas incumpridas.

O que demostra o acontecido onte é que existe un pacto tácito entre o PSOE e o PP para vetar a transferencia da AP 9, o rescate da concesión. E para adiar indefinidamente proxectos e obras que foron repetidamente adiadas. Obras de infraestruturas viarias estratéxicas para o país tanto en materia ferroviaria, como no relacionado coas estradas e autovías ou portos de interese xeral.

Nas declaracións públicas no Ministro escoitamos os mesmos argumentos en contra do traspaso da autoestrada que veñen os sucesivos gobernos do PSOE e do PP ao longo dos últimos 15 anos. O único anuncio concreto da reunión co sr Feixóo foi o da convocatoria dunha xuntanza da comisión bilateral de seguimento da AP 9, unha comisión cualificada como cortina de fume para desviar a atención sobre as cuestións







OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

verdadeiramente relevantes: negociación da transferencia da AP9, rescate da concesión e remate dos abusos da concesionaria.

Diante deste novo desprezo a Galiza, resulta rechamante a postura condescendente do presidente da Xunta, que semella que foi seducido polo sr Ábalos como pasou anteriormente con De la Serna e Xosé Blanco. Semella que estamos no camiño de reeditar o Pacto do Obradoiro, que xa sabemos a onde levou.

Tamén chama a atención o cambio de actitude do PSdG, que aplaude agora o que antes denunciaba. E no cambio de papeis entre PP e PSOE, esquece a reivindicación do investimento dos máis de 2.500 millóns non investidos por Fomento nos últimos 5 anos.

Fronte a esta actitude contemplativa e mansa do goberno galego, do seu presidente e do PSdG, entendemos que o Parlamento galego debe defender unha actitude firme de defensa dos intereses galegos e reclamar unha axenda galega de investimentos en materia de infraestruturas que permita dinamizar a economía e saldar a débeda que o estado ten con Galiza nesta materia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. Que levante o veto á transferencia da AP9 e que negocie un calendario para facer efectivo o seu traspaso a Galiza no ano 2019 e para estudar o rescate da concesión.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Que faga realidade no presente ano 2018 a supresión da peaxe entre Rande e Vigo, sen que esta medida repercuta no incremento da peaxe da autoestrada.

3. Que asuma con cargo aos orzamentos calquera outro incremento das peaxes derivado das obras realizadas pola concesionaria e por bonificacións en determinados treitos.

4. Que aprobe unha dotación orzamentaria de cando menos 2.500 millóns de euros para saldar a débeda con Galiza en materia de infraestruturas, derivada da non execución de orzamentos dos últimos 5 anos. Esta dotación extraordinaria estará dedicada prioritariamente á mellora da rede de estradas do Estado, a investimentos en portos de interese xeral e a modernización do ferrocarril.

5. Que aprobe un plan de mellora da rede ferroviaria galega que inclúa cando menos as seguintes actuacións:

- Saída sur e mellora da comunicación entre Vigo e a fronteira portuguesa
- Modernización e mellora do trazado, da infraestrutura e do servizo na liña Coruña Ferrol
- Mellora da infraestrutura e do servizo na liña Ferrol-Ribadeo
- Mellora da infraestrutura e do servizo nas conexións de Lugo con Coruña, Santiago e Ourense.
- Mellora da conexión e dos servizos entre Ourense-Vigo e Ourense-Santiago-Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Impulso ao transporte de mercadorías por ferrocarril coa conexión por tren cos portos, o desenvolvemento do porto seco de Monforte e a modernización da liña Monforte-Palencia.

6. Que impulse e aprobe un plan plurianual de investimentos en autovías en execución ou pendentes, aprobando os proxectos e licitando as obras comprometidas.

7. Que cumpra os acordos do parlamento galego en relación co porto exterior da Coruña e os terreos portuarios da cidade, e que aprobe os investimentos demandados nos portos de interese xeral.

8. Que abra a negociación para o traspaso a Galiza das competencias en materia de ferrocarril de cercanías, portos de interese xeral, tráfico e seguranza viaria, e aeroportos.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 09:59:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 09:59:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 09:59:24**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 09:59:25**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 09:59:27**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 09:59:28**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O dano cerebral adquirido (DCA) en xeral e o ictus, particularmente, é a primeira causa de morte feminina en Galicia e a primeira causa de discapacidade na persoa adulta, e o envellecemento progresivo da poboación galega incide no agravamento do problema. Asemade, o traumatismo craneoencefálico é a primeira causa de invalidez entre mocidade e a segunda de dano cerebral adquirido. Esta patoloxía é cada vez máis frecuente. Segundo datos de FEGADACE, unha de cada seis persoas sufrirá ictus, das cales, arredor do 70% terá lesións con consecuencias.

O DCA é unha lesión –causada por enfermidades ou traumatismos– que se produce nas estruturas cerebrais de forma súbita en persoas que naceron con dano algún no cerebro. Co dano cerebral adquirido pérdense distintas capacidades, sendo moitas e variadas as secuelas que se presentan en diferentes graos e intensidades segundo a persoa. Como sinala o FEGADACE, “co dano cerebral adquirido perde sentido falar de discapacidade física, psíquica ou sensorial: son moitas ao mesmo tempo.”

Segundo FEGADACE (Federación Galega de Dano Cerebral) en Galiza hai unhas 35.000 persoas con DCA, case o 80% motivado por ictus (27.890). A





prevalencia en Galiza é dun 13,1%, fronte ao 9,3% do conxunto do Estado. Logo dun ictus, un terzo das persoas recupérase, outro queda con secuelas e un terzo falece.

Tras un accidente cerebral é fundamental, para evitar as máximas secuelas posibles, o tratamento no menor tempo posíbel nun centro hospitalario que conte cun equipo especializado en dano cerebral, tanto na etapa de atención aguda como no período establecido de rehabilitación, sen embargo, fallamos na dotación de recursos públicos para atender unha rápida, continuada e avaliada rehabilitación neurolóxica.

En Galiza existen unidades de ictus, de atención na fase aguda, sen ser unidades interdisciplinares, pero non hai un centro para a rehabilitación específica de longa estancia. Así, pacientes que precisan deste tipo de rehabilitación son derivados ao Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral ou a unha clínica de Barcelona (Guttman) e, recentemente, tamén a unha clínica pontevedresa (ampliación co concerto co Hospital Miguel Domínguez (QuirónSalud), asinado o 11 de abril de 2017, para incluír neurorehabilitación), non existindo en Galiza centro público que cubra esta necesidade fundamental para que pacientes recuperen mobilidade e vida independente. No caso da clínica pontevedresa, ademais, só atenden a persoas diagnosticadas de "estado de vixilia sen resposta e estado de mínima resposta", cunha serie de criterios, quedando excluídas persoas maiores de 50 anos e persoas que teñan outras patoloxías, ademais do DCA.

Tamén chama a atención o cambio de actitude do PSdG, que aplaude agora o que antes denunciaba. E no cambio de papeis entre PP e PSOE, esquece a reivindicación do investimento dos máis de 2.500 millóns non investidos por Fomento nos últimos 5 anos.

Fronte a esta actitude contemplativa e mansa do goberno galego, do seu presidente e do PSdG, entendemos que o Parlamento galego debe defender unha actitude firme de defensa dos intereses galegos e reclamar unha axenda galega de investimentos en materia de infraestruturas que permita dinamizar a economía e saldar a débeda que o estado ten con Galiza nesta materia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. Que levante o veto á transferencia da AP9 e que negocie un calendario para facer efectivo o seu traspaso a Galiza no ano 2019 e para estudar o rescate da concesión.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Que faga realidade no presente ano 2018 a supresión da peaxe entre Rande e Vigo, sen que esta medida repercuta no incremento da peaxe da autoestrada.

3. Que asuma con cargo aos orzamentos calquera outro incremento das peaxes derivado das obras realizadas pola concesionaria e por bonificacións en determinados treitos.

4. Que aprobe unha dotación orzamentaria de cando menos 2.500 millóns de euros para saldar a débeda con Galiza en materia de infraestruturas, derivada da non execución de orzamentos dos últimos 5 anos. Esta dotación extraordinaria estará dedicada prioritariamente á mellora da rede de estradas do Estado, a investimentos en portos de interese xeral e a modernización do ferrocarril.

5. Que aprobe un plan de mellora da rede ferroviaria galega que inclúa cando menos as seguintes actuacións:

- Saída sur e mellora da comunicación entre Vigo e a fronteira portuguesa
- Modernización e mellora do trazado, da infraestrutura e do servizo na liña Coruña Ferrol
- Mellora da infraestrutura e do servizo na liña Ferrol-Ribadeo
- Mellora da infraestrutura e do servizo nas conexións de Lugo con Coruña, Santiago e Ourense.
- Mellora da conexión e dos servizos entre Ourense-Vigo e Ourense-Santiago-Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Impulso ao transporte de mercadorías por ferrocarril coa conexión por tren cos portos, o desenvolvemento do porto seco de Monforte e a modernización da liña Monforte-Palencia.

6. Que impulse e aprobe un plan plurianual de investimentos en autovías en execución ou pendentes, aprobando os proxectos e licitando as obras comprometidas.

7. Que cumpra os acordos do parlamento galego en relación co porto exterior da Coruña e os terreos portuarios da cidade, e que aprobe os investimentos demandados nos portos de interese xeral.

8. Que abra a negociación para o traspaso a Galiza das competencias en materia de ferrocarril de cercanías, portos de interese xeral, tráfico e seguranza viaria, e aeroportos.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 09:59:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 09:59:47**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 09:59:49**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 09:59:51**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 09:59:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 09:59:54**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O dano cerebral adquirido (DCA) en xeral e o ictus, particularmente, é a primeira causa de morte feminina en Galicia e a primeira causa de discapacidade na persoa adulta, e o envellecemento progresivo da poboación galega incide no agravamento do problema. Asemade, o traumatismo craneoencefálico é a primeira causa de invalidez entre mocidade e a segunda de dano cerebral adquirido. Esta patoloxía é cada vez máis frecuente. Segundo datos de FEGADACE, unha de cada seis persoas sufrirá ictus, das cales, arredor do 70% terá lesións con consecuencias.

O DCA é unha lesión –causada por enfermidades ou traumatismos– que se produce nas estruturas cerebrais de forma súbita en persoas que naceron con dano algún no cerebro. Co dano cerebral adquirido pérdense distintas capacidades, sendo moitas e variadas as secuelas que se presentan en diferentes graos e intensidades segundo a persoa. Como sinala o FEGADACE, “co dano cerebral adquirido perde sentido falar de discapacidade física, psíquica ou sensorial: son moitas ao mesmo tempo.”

Segundo FEGADACE (Federación Galega de Dano Cerebral) en Galiza hai unhas 35.000 persoas con DCA, case o 80% motivado por ictus (27.890). A





prevalencia en Galiza é dun 13,1%, fronte ao 9,3% do conxunto do Estado. Logo dun ictus, un terzo das persoas recupérase, outro queda con secuelas e un terzo falece.

Tras un accidente cerebral é fundamental, para evitar as máximas secuelas posibles, o tratamento no menor tempo posíbel nun centro hospitalario que conte cun equipo especializado en dano cerebral, tanto na etapa de atención aguda como no período establecido de rehabilitación, sen embargo, fallamos na dotación de recursos públicos para atender unha rápida, continuada e avaliada rehabilitación neurolóxica.

En Galiza existen unidades de ictus, de atención na fase aguda, sen ser unidades interdisciplinares, pero non hai un centro para a rehabilitación específica de longa estancia. Así, pacientes que precisan deste tipo de rehabilitación son derivados ao Centro de Referencia Estatal de Atención ao Dano Cerebral ou a unha clínica de Barcelona (Guttman) e, recentemente, tamén a unha clínica pontevedresa (ampliación co concerto co Hospital Miguel Domínguez (QuirónSalud), asinado o 11 de abril de 2017, para incluír neurorehabilitación), non existindo en Galiza centro público que cubra esta necesidade fundamental para que pacientes recuperen mobilidade e vida independente. No caso da clínica pontevedresa, ademais, só atenden a persoas diagnosticadas de "estado de vixilia sen resposta e estado de mínima resposta", cunha serie de criterios, quedando excluídas persoas maiores de 50 anos e persoas que teñan outras patoloxías, ademais do DCA.

En ambos centros existe lista de agarda, o que prexudica o resultado óptimo na mellora ou rehabilitación. Ademais, non todas as persoas dispoñen de acompañantes que podan desprazarse para o tratamento e sufragar o tempo de estancia en Madrid ou Barcelona. Por outra parte, no centro estatal só se atenden doentes de 16 a 55 anos con procesos recentes e recuperables e en estado físico





de poder viaxar cada 15 días, e no centro de Barcelona, existe lista de agarda. O tratamento na clínica pontevedresa, coa que recentemente a Xunta asinou un convenio, só se atenden pacientes diagnosticadas de “estado de vixilia sen resposta”, do que cada ano se diagnostican entre 15 e 30 novos casos en Galicia, o que representa unha escasa porcentaxe das persoas afectadas.

A realidade galega é que as familias han de asociarse para acceder a recursos de rehabilitación e estes son escasos, recaendo o coidado e apoio a estas persoas no entorno familiar, sobre todo nas mulleres.

Tendo en conta que o acceso a este servizo especializado na vía privada é inasumible pola maioría de persoas ou familias, máis cando a enfermidade condiciona logo a reincorporación ao mercado laboral -case o 73% das persoas con DCA teñen dificultades para traballar-, e que a maioría de casos non encaixan nos criterios polos que serían atendidos/as nestes centros, En Marea defende a necesidade dun centro público de rehabilitación en Galiza.

Así, o 29 de novembro de 2017, a Comisión 5.<sup>a</sup> aprobou por unanimidade un dos puntos dunha Proposición non de lei de En Marea, relativa ás actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención sanitaria a doentes con dano cerebral adquirido, coa seguinte resolución: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta a estudar nos primeiros meses do ano 2018 a creación en Galicia dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido."

Sen embargo, o 2 de maio de 2018, a unha pregunta de En Marea polo grao de cumprimento deste acordo, a Xunta recoñeceu que o estudo non se fixera e que “se faría en 2018”, incumprindo xa os prazos do acordo acadado e sen especificar.







Un dos problemas que afrontan as persoas con DCA é a posterior accesibilidade e/ou continuidade no emprego, coa conseguinte maior vulnerabilidade socioeconómica. Asemade, prodúcese un empobrecemento das familias.

Por outra parte, no noso país non existe un estudo epidemiolóxico exhaustivo sobre o DCA que permita coñecer a súa incidencia real.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Impulsar, no prazo máximo de tres meses, un estudio para a creación en Galiza dun centro público de referencia para a rehabilitación de persoas con dano cerebral adquirido.
2. Aumentar os recursos de rehabilitación integral para o DCA na fase crónica.
3. Impulsar unha Estratexia Galega de Atención ao Dano Cerebral Adquirido, tendo en conta especificamente a maior vulnerabilidade económica que sofren as persoas con DCA e as dificultades no emprego, contando coa FEGADACE.
4. Impulsar un estudo epidemiolóxico para coñecer a incidencia do DCA en Galiza.
5. Impulsar a figura do responsable clínico, como persoa interlocutora única, estable e accesible, para cada persoa con DCA, que teña á familia informada durante toda a estadia hospitalaria e na fase de rehabilitación.





6. Aumentar o número de horas da prestación de Asistente Persoal para a Vida Independente.
7. Impulsar programas específicos de apoio ás familias con persoas con DCA.
8. Impulsar a investigación en técnicas rehabilitadoras e produtos de apoio para fomentar a autonomía das persoas con DCA.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 05/12/2018 11:06:41**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 11:06:48**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación dos concertos son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora nas condicións da empresa, que supoñen un custo para o Servizo Galego de Saúde e nas que ademais, a empresa aproveita a conxuntura para endurecer as condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Unha vez máis, asistimos a outra chantaxe da empresa, rexistrando un precurso de acredores e culpando de presuntas perdas ao concerto que mantén co Servizo Galego de Saúde, para instar unha negociación onde poder esixir máis recursos públicos.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte  
Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a estudar a fórmula  
administrativa máis axeitada e favorable que permita ao Servizo Galego de Saúde  
asumir a atención sanitaria de POVISA, garantindo os postos de traballo e as  
prestacións sanitarias.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 13:13:09**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 13:13:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A historia do Álvaro Cunqueiro é a crónica dunha estafa anunciada. Unha privatización que supón para as arcas públicas un canon anual que a Administración debe pagar á empresa concesionaria de máis de 70 millóns de euros ao ano.

Todo isto, enmarcado nun contexto de incumprimentos por parte da Concesionaria, que ademais non escatima en pleitear con Administración para reclamar máis cartos.

O negocio resulta redondo para a UTE, que cada ano vai incrementando os seus beneficios. No 2017, co Hospital funcionando a pleno rendemento, a Concesionaria Novo Hospital de Vigo rexistrou uns beneficios de máis de 3 millóns de euros, fronte aos máis de 70 que debe desembolsar a Administración, polo privatización do proxecto, o financiamento e a explotación.

Os pleitos da Concesionaria coa Administración, non se reducen unicamente á Administración autonómica, fai pouco que vimos de coñecer a última sentenza, que aínda non é firme, en relación á discrepancia na exención do IBI entre a Concesionaria e o Concello.

Neste contexto, sorprende ver a conivencia da Xunta de Galicia e do Servizo Galego de Saúde coa Concesionaria, defendendo a exención fronte ao criterio do





Concello. De feito, ante a modificación da ordenanza fiscal que regula esta exención, o xerente do SERGAS, interpuxo alegacións como representante do SERGAS e de GALARIA, ambas inadmitidas pro extemporaneidade e por falta de lexitimidade respectivamente, no mesmo sentido que a propia Concesionaria, o que demostra como a propia Administración autonómica, defende por enriba da necesidade recadación da Administración local, o aumento de beneficios.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a mudar o posicionamento actual, defendendo o cobro do IBI por parte do Concello de Vigo.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 13:36:45**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 13:38:18**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

Na actualidade estase en pleno proceso de reforma regulamentaria para redefinir a Redes Transeuropeas de Transporte definidas nos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.

Entre estes corredores está o Corredor Atlántico do que ata agora estaba excluído totalmente Galiza.

No mes de xuño de 2018 a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galiza no Corredor Atlántico , o que significou, como tal proposta e aínda en trámite no Parlamento Europeo (a votación programada no Comité do Parlamento Europeo, prevista para o 25/10/2018), unha boa nova e a reparación parcial do sinsentido que era a exclusión total de Galiza da rede de corredores de mercadorías europea.

Posteriormente o Parlamento galego, a iniciativa do Grupo Parlamentar de En Marea, aprobaba unha Proposición non de lei na que se instaba á inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, por ser unha conexión fundamental





para Galiza que atopa na unión co norte de Portugal un dos piares do seu futuro a nivel económico.

Máis tarde a Comisión de Transportes do Parlamento europeo , no día de 22 de novembro, aprobou a inclusión de varias conexións, entre elas a Vigo-Porto no Corredor Atlántico ou a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza no Corredor Mediterráneo.

Sorprendentemente, na xuntanza do Consello da Unión Europea de 3 de decembro, non se incluíu na proposta debatida a conexión Vigo-Porto e si en cambio a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza.

Descoñecemos a razón pola que o goberno español non incluíu dita conexión na proposta a debate, pero consideramos que é unha decisión que supón un trato desigual e inxusto con Galiza, á que se aparta da posibilidade de acceder en mellores condicións ao financiamento de actuacións de modernización e mellora da competitividade das conexións ferroviarias de mercadorías.

O procedemento de reforma regulamentaria dentro das institucións europeas non está rematado e estase a tempo de reparar esta situación.

Por todo o exposto o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno español á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico dentro do proceso de reforma regulamentaria dos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.







Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Antón Sanchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 05/12/2018 13:50:08**

**Marcos Cal Ogando na data 05/12/2018 13:50:16**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Flora Miranda Pena** e a través do seu voceiro, Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos

O Hospital Clínico Universitario, integrado no Complexo Universitario de Santiago (CHUS), dá servizo a unha área de poboación de case 400.000 habitantes, ao que hai que incluír toda a poboación flotante e visitantes que soporta a cidade.

O Concello de Santiago cedeu terreos hai xa máis de 19 anos para a construción por parte da administración do actual estacionamento do hospital. Ademais, a administración local ofrece varias liñas de bus urbano e realizou unha ampliación dunha das liñas para conectar o Hospital co aparcadoiro municipal de Volta do Castro, que desconxestiona o entorno hospitalario e resulta asequible para todas as economías.

Ademais, o ano 2017, o Alcalde de Santiago transmitiulle ao Conselleiro o seu ofrecemento para colaborar na ampliación e reformas dos hospitais do complexo, ademais de incidir na busca de solucións para o problema do estacionamento.

A veciñanza da Choupana e Santa Marta, anexas ao Hospital, transmitiulle ao Concello de Santiago queixas e necesidades sobre a problemática arredor da ampliación e reordenación do estacionamento do Hospital Clínico trala cal





celebrouse unha reunión entre A Concellaría de Espazos Cidadáns e a xerencia do CHUS chegando a unha serie de acordos para a mellora da mobilidade e o estacionamento na zona garantindo a accesibilidade peonil.

Seguindo o acordado nesa reunión o Concello modificou o PXOM para permitir a ubicación dun estacionamento de catro plantas baixo un espazo público, na parcela sita xunto ao CIMUS para dar servizo ao centro hospitalario. A posteriori a Xerencia do Clínico evitou emitir notas concretas sobre os avances que se trataron ante varias solicitudes reiteradas.

Por ese motivo o Concello de Santiago aprobou en pleno urxir á Xerencia do CHUS a realizar os trámites pertinentes para a ampliación e reordenación do citado aparcadoiro, garantindo a accesibilidade.

Por iso, e sen que a Xerencia retomara o diálogo en torno a ampliación e reordenación do aparcadoiro do CHUS, o Pleno de Santiago de Compostela decidiu:

1. Urxir á Xerencia do CHUS a que realice os trámites pertinentes para a ampliación e reordenación do aparcadoiro do Hospital Clínico, impedindo o aparcamento en beirarrúas e garantindo a accesibilidade, mantendo o diálogo e acordo co Concello de Santiago.

2.Solicitar á Xerencia do CHUS que complete o estudo que acordou elaborar sobre as necesidades de estacionamento, cuantificando a demanda de traballadores/as e as demandas das persoas usuarias, diferenciando entre períodos de ocupación ao longo do día.

3. Instar á Xunta de Galicia a que contemple e incorpore nos próximos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para realizar a construción do novo parking público que dea servizo ao Hospital Clínico.





4.-Dar traslado dos seguintes acordos ao Parlamento de Galicia e a todos os grupos parlamentares nel representado.

Por ese motivo, o grupo Parlamentar de En Marea faise eco do acordo do Pleno do Concello de Santiago entendendo que as limitacións para a accesibilidade ao centro hospitalario agravan a situación de accesibilidade á sanidade pública. Ademais limitan a equidade neste acceso, dado que os prezos dos aparcadoiros privados son inasequibles para moitos e moitas pacientes e os recursos dispoñibles para o achegamento ás infraestruturas hospitalarias non son suficientes para facilitalo para as persoas con todo tipo de diversidades clínicas e funcionais, amparando discriminacións e desigualdade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a resolver o problema do aparcadoiro do Hospital Clínico de Santiago de Compostela ofrecendo unha solución accesible, gratuíta, equitativa, digna e que garanta o achegamento das persoas con necesidades de saúde diversas ao centro hospitalario, respectando os acordos previos co Concello de Santiago.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





**Asinado dixitalmente por:**

**Flora María Miranda Pena na data 05/12/2018 14:27:37**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 14:27:47**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa de **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que teñen maiores necesidades de apoio debido a situacións asociadas a esta discapacidade, caso de mobilidade reducida, trastornos da saúde mental ou dificultades de comunicación, precisan unha especial atención. Trátase dun colectivo dunhas 4000 persoas en Galicia, un colectivo especialmente vulnerable que precisa apoios específicos da Administración.

O informe “Todos somos todos”, de FADEMGA, sinala que “tradicionalmente se ha hecho referencia a las personas con discapacidad intelectual severa y profunda como grupo con necesidades de apoyo generalmente excepcionales, tomando como referencia casi exclusiva el cumplimiento del criterio diagnóstico que implica la presencia de limitaciones muy significativas en el funcionamiento intelectual, representadas por un CI de 20 o 30 puntos, junto a serias limitaciones en habilidades adaptativas”. Sen embargo, continúa, “el peso de las puntuaciones de CI se ha visto reducido a la hora de definir al colectivo de personas con DI gracias al mayor énfasis otorgado a otras dimensiones del funcionamiento humano que reflejan la importancia de describir las necesidades de estas personas en función de la interacción de las mismas con su entorno”. Así pois, “del resultado de esta interacción dependerá el funcionamiento que la persona con DI presente en ámbitos de la vida como la conducta adaptativa, la salud, el contexto





o la participación en el entorno social que le rodea, funcionamiento que podrá mejorar siempre y cuando se proporcionen los apoyos apropiados durante un periodo de tiempo prolongado”.

Prodúcese, así, un cambio de paradigma, pasando a un enfoque centrado nos apoios que precisa cada persoa nos distintos eidos da súa vida.

Aínda que non hai consenso na definición deste conxunto de persoas, a maior parte destacan:

“(a) presencia de limitaciones muy significativas en el funcionamiento intelectual que limitan notablemente la comprensión y en conducta adaptativa, así como (b) presencia de otro tipo de discapacidades o limitaciones como pudieran ser sensoriales, físicas, problemas de conducta y otras condiciones médicas de salud y (c) dependencia elevada de las personas de su entorno para funcionar en su vida diaria.”

Os datos sobre o número de persoas con grandes necesidades de apoio son estimacións, xa que non se conta con datos específicos sobre a composición da poboación con discapacidade intelectual, de cara a poder coñecer o peso que a poboación con discapacidade intelectual profunda ten no noso país.

No informe citado de FADEMG, sinálase que “pese al pequeño grupo que representan las personas con DI severa y profunda respecto de la población general (0,16 %), precisan, dadas sus necesidades de apoyo, de un amplio abanico de recursos tanto económicos como humanos (las discapacidades que presentan mayores necesidades de apoyo en nuestro país suponen un sobreesfuerzo económico de 47.129 euros anuales para sus familias, requiriendo que nuestro Gobierno les dote de un estatus de prioridad a la hora de desarrollar políticas sociales de prestación de apoyos y servicios.” Asemade, a taxa de mortalidade deste colectivo é casi tres veces maior que na poboación en xeral.





Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.<sup>a</sup>

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar un Plan Galego de Atención específica ás persoas con gran necesidade de apoio e ás súas familias, que inclúa a dotación de prazas residenciais e centros de día públicos suficientes adaptadas a este colectivo e a mellora da inclusión educativa e laboral.
2. Realizar un estudo sobre a prevalencia da discapacidade intelectual profunda e severa en Galicia.
3. Impulsar un plan de formación de profesionais sanitarias e de persoal de atención directa en centros.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 05/12/2018 16:20:18**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 16:20:26**





**Carmen Santos Queiruga na data 05/12/2018 16:20:32**



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**, relativa á cobertura de presencias de persoal nos servizos de coidados intensivos e reanimación no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

O servizos de coidados intensivos e reanimación están considerados coma “servizos especiais” dentro do Servizo Galego de Saúde. A súa complexidade, a elevada especialización da atención e a situación clínica complexa das e dos doentes o xustifican.

Nestes servizos o persoal de enfermaría, tanto DUE coma TCAE, fanse cargo do control continuo do estado das e dos doentes que require control de diversa aparataxe coma por exemplo respiradores, bombas de infusión con diversas drogas, hemodiálise, drenaxes, medidores de presión intracraneal ou abdominal, marcapasos, etc. Ao mesmo tempo o persoal de enfermaría faise cargo do control da medición de diversos parámetros coma as constantes vitais, balance hídrico, inxesta, etc e tamén da hixiene, mobilización e nutrición de estas persoas, entre moitas cousas, incluíndo tamén o acompañamento das e dos doentes na realización das probas complementarias que precisen coma poden ser os TAC ou as RNM.

Estes exemplos dan a medida do elevado grao de complexidade e continuidade dos coidados e, polo tanto, da necesidade de que as ratios de persoal se cumpran.

Ao mesmo tempo, son unidades nas que moitos dos ingresos, sobre todo no que ten que ver coas unidades de coidados intensivos, non son previsibles, polo que se fai





moi necesario manter ditas ratios para que o persoal estea dispoñible para atender os ingresos de doentes críticos.

Desgraciadamente, estas ratios estanse a incumprir no hospital Álvaro Cunqueiro, sendo cada vez máis frecuentes os “descubertos” de persoal nestas unidades. Unha situación que incrementa de xeito irreposnable a craga de traballo do persoal e empeora a calidade asistencial.

As baixas e permisos do persoal de enfermaría non se están a cubrir de forma normal. Feito que obriga ao resto do persoal a facerse cargo das e dos doentes que levan estas profesionais.

Ao mesmo tempo, é habitual que se mova persoal de estes servizos para cubrir as baixas e permisos de outros servizos que tampouco son cubertas coa lista de contratación, algo totalmente inasumible.

Este panorama ten a complicación engadida do deseño arquitectónico das unidades, que limitan o control visual das camas dende diversos puntos. Feito que fai moi difícil o control das e dos doentes doutras zonas da unidade cando se asume un incremento da carga de traballo.

Por non falar do contraproducente que é en termos de prevención de infeccións nosocomiais o deprezamento de persoal entre diferentes unidades nas que pode haber doentes inmunodeprimidas/os e/ou doentes infecciosas/os.

Ante estas circunstancias, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dar cobertura a todas as baixas e permisos das e dos profesionais de enfermaría das unidades de coidados intensivos e de reanimación e evitar mover ao seu persoal cara outras unidades de xeito estrutural para cumprir coas ratios marcadas para estas unidades de forma permanente.





Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 05/12/2018 16:36:35**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 16:36:43**



## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

## Exposición de motivos

Desde 1962, a Política Agraria Común (PAC) experimentou varias reformas, as cales propiciaron unha continua adaptación aos novos retos e cambios que se foron sucedendo en todos estes anos, polo que segue sendo unha política fundamental para o futuro do eido rural da Unión Europea.

En novembro de 2017, a Comisión Europea (CE) enviou ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións a súa comunicación “O futuro dos alimentos e a agricultura”, como base de traballo para a elaboración das correspondentes propostas lexislativas.

O devandito documento resalta a necesidade de que a PAC estea orientada a cumprir as obrigacións establecidas no Tratado da UE para esta política e, neste sentido, debemos aproveitar as oportunidades da PAC, que tamén se constitúe como unha política territorial europea, contribuíndo á loita contra o despoboamento das áreas rurais ao fortalecer o tecido socioeconómico dos pobos. Con esta concepción, as persoas que desenvolven a actividade agraria de forma principal, son o referente para fortalecer a Política Agraria Común.

Todo iso, sumado á importancia estratéxica do sector agrario para Galicia, lévanos á necesidade de acadar un consenso, entre goberno e actores económicos e sociais, para unha defensa conxunta da postura da Comunidade Autónoma ante a futura Política Agraria Común, ao obxecto de que a mesma garanta a consecución dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixe poboación no medio rural.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





A reforma da futura PAC ten unha gran importancia para Galicia e para o rural, na medida en que incide directamente no impulso ao dinamismo socio económico do agro. A proposta do Regulamento do Parlamento Europeo polo que se establecen as normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común establece no seu artigo 93 que “Cada Estado membro establecerá un único plan estratéxico de la PAC para todo su territorio”.

Por iso e tendo en conta todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que no proceso de negociación da PAC defenda as especificidades do territorio e das explotacións agrarias e gandeiras galegas, de acordo coa posición común pactada cos axentes do sector, e que esas especificidades se recollan no plan estratéxico nacional que deberá de presentar o estado español.”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 05/12/2018 15:37:09**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 05/12/2018 15:37:17**

**Raquel Arias Rodríguez na data 05/12/2018 15:37:55**

**Carlos Gómez Salgado na data 05/12/2018 15:38:18**

**Jacobo Moreira Ferro na data 05/12/2018 15:38:32**

**Daniel Vega Pérez na data 05/12/2018 15:38:48**

**Rosa Oubiña Solla na data 05/12/2018 15:38:59**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Galego (CG) de Buenos Aires foi fundado en 1907 como entidade social e cultural, e presta atención sanitaria desde 1912. A fonda crise económica que atravesou Arxentina nos anos 90 do século pasado, condiciona a evolución deste centro.

A principios do século XXI, a Xunta de Galiza asina un Protocolo de actuación co Centro Galego para a asistencia sanitaria dos seus asociados. En virtude deste protocolo, créase a Fundación Galiza Saúde que xestionará a área hospitalaria da Mutual e compromete recursos para a dotación fundacional do goberno galego. O Centro Galego aportaría as cotas dos seus socios mutualistas e deber o uso dos bens móbeis e inmóbeis que constitúen as instalacións sanitarias da Mutual.

En 2011, despois de que perdera o candidato á presidencia do Centro Galego apoiado por Alberto Núñez Feixóo, a Xunta toma a decisión de liquidar a Fundación Galiza Saúde, acelerando unha crise que pon en risco a atención sanitaria e a pervivencia do patrimonio cultural. O goberno galego nin tan sequera avaliou o plan de viabilidade que a nova directiva elaborou consumando o abandono da Xunta deste centro emblemático da emigración galega na Arxentina.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Secretario Xeral de emigración, a esta altura, Santiago Camba afirmaba oficialmente que Galiza ““seguirá apoiando economicamente ao centro galego” e “presionará para implicar ao Goberno de España na axuda económica aos hospitais españois do exterior.”

Porén a realidade foi por outros derroteiros. O CG entra en concurso e a Xustiza Nacional do Civil resolve en outubro de 2012 a intervención do instituto, confirmada en 2013 pola Cámara Nacional Civil, a través do Instituto Nacional de Asociativismo e Economía Social (INAES).

Desde esa data o CG tivo tres interventores. A situación agrávase após a decisión de desvincular ao CG de OSPAÑA, o que tería evitado as dificultades económicas deste hospital e que ten sido motivo de controversia.

Baixo a actuación do último interventor, designado polo goberno neoliberal de Macri, prodúcese un desmantelamento do Hospital. Segundo se ten denunciado, a actuación da intervención provocou o despedido de 1200 persoas, desorde administrativo e financeiro, e careceu dunha estratexia que permitira a continuidade do centro. O obxectivo non era reflotar o centro, senón desmantelar o hospital.

O centro galego tiña unha débeda de 60 millóns de pesos antes da intervención do INAES en 2012. Hoxe estímase que pode ser de 1.700 millóns de pesos, fundamentalmente polos retrasos nos pagos e salarios e polos custes de despedidos que foron declarados nulos ou improcedentes pola xustiza arxentina.

A situación do CG é límite. A finais de decembro está convocada unha asemblea decisiva. Se non tomamos medidas pode perderse un dos emblemas da emigración galega, coa venta do Hospital e un futuro incerto para o patrimonio cultural e artístico deste centro.







OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O Parlamento de Galiza ten aprobado unha declaración institucional na que se resaltaba o valor deste centro e se definía como obxectivo “conservar unido todo o patrimonio inmobiliario, artístico e cultural que conforma o Centro Galego de Buenos Aires.” e demandábase a “Xunta de Galicia e mesmo do Goberno Español –a través do Ministerio de Asuntos Exteriores– actuacións concretas diante do Goberno Arxentino encamiñadas a solucionar definitivamente o gravísimo problema polo que atravesamos a centenaria institución. Reclamamos, en primeiro lugar, vontade política para preservar e garantir a atención médica de calidade dos actuais socios e socias e a protección do patrimonio artístico, documental, bibliográfico, editorial... e solicitamos esforzos para consensuar unha solución que impida a demolición e a especulación inmobiliaria dun predio que debe seguir sendo referente de Galicia en Buenos Aires.”

Porén nada se ten avanzado e urxe unha solución satisfactoria que evite o desmantelamento do Centro Galego. É preciso evitar a venda e consensuar unha solución que permita a pervivencia deste centro.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a salvagardar o Centro Galego de Buenos Aires levando adiante as seguintes medidas:

1. Dirixirse as autoridades arxentinas co fin de paralizar a venda do Hospital do Centro Galego e buscar unha solución de futuro que inclúa o impulso dun plan de viabilidade, coa implicación de OSPAÑA, ou a integración na rede pública de hospital para preservar e garantir a atención médica de calidade dos actuais socios e socias e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

implicación do goberno arxentino na reestruturación da débeda do CG xerada pola propia intervención estatal.

2. Tomar todas as medidas que sexan necesarias, conforme o establecido na lexislación galega, co obxecto de preservar e protexer o patrimonio artístico, documental, bibliográfico, editorial que posúe o Centro Galego e promovendo unha labor de inventariado e control do actual estado de todo este patrimonio.

2. Apoiar á declaración de Sitio Histórico da habitación 202 do Centro Galego de Buenos Aires, onde permaneceu internado e faleceu Alfonso Daniel Rodríguez Castelao o 7 de xaneiro de 1950 e trasladando ao goberno arxentino a preocupación de Galiza polo perigo de desaparición deste espazo emblemático.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 16:53:14**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 16:53:20**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 16:53:22**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 16:53:23**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 16:53:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 16:53:28**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.<sup>a</sup>**, sobre o peche da escola unitaria de Sada.

### Exposición de motivos

Hai tempo que o Partido Popular decidiu dismantelar a educación guiado polo convencemento de que se trata dun gasto e non dun investimento necesario para garantir un futuro digno á xente moza e ao propio país.

O ano pasado, o Goberno da Xunta pechou varios centros en O Porriño, Ribadavia, As Pontes e Outes, confiando en que a calma chicha do verán ocultase o seu novo recorte ao ensino. Non foi así. O conxunto da comunidade educativa opúxose á súa decisión por considerala unha nova agresión á educación pública. Porén, isto non impediu que a Consellería de Educación, comandada (aínda) por Román Rodríguez, fulminase finalmente os centros, estafando ás familias –que xa decidiran un lugar de estudo para os seus fillos– e vulnerando os dereitos laborais dos profesores –que non souberon ata o último momento que tiñan que cambiar de destino–.

A comezo de curso, o Partido Popular acometeu un novo recorte á educación pública, atacando ao elo da cadea máis feble: as escolas unitarias cuxo cometido é o de garantir unha formación próxima e de calidade aos rapaces e rapazas que habitan espazos baleirados polo desleixo do Goberno.





A Consellería de Educación resolveu pechar a Escola de Educación Infantil de Apeadeiro, no concello coruñés de Cambre, e a de Solbeira, en Paderme de Allariz, Ourense, alegando que non contan cun número suficiente de alumnos, xa que en cada un dos centros so hai matriculados tres rapaces e rapazas. A Consellería decidiu, así mesmo, suprimir 74 unidades en centros escolares de educación infantil, primaria e especial, e anular 19 clases que foran habilitadas para afrontar subas do número de alumnado.

Pola súa banda, a escola unitaria de Sada atópase nunha situación de incerteza. A Consellería de Educación comunicou onte (4/12/2018) ás familias a súa intención de pechar a escola de Carnoedo e trasladar ás alumnas ao colexio de Mondego á volta de vacacións de Nadal. Outra vez aproveitando o período de lecer. A decisión da Xunta colleu ás familias e ao Concello por sorpresa. É certo que a matrícula deste curso é moi reducida, pero argumenta que a Xunta autorizou que se iniciase o curso nestas condicións e apela aos trastornos que se derivarán do traslado dos cativos a estas alturas.

O alcalde de Sada púxose en contacto cos responsables de Educación para esixir explicacións polo posible peche. O rexedor manifestou o rexeitamento do Goberno local á decisión autonómica e solicitou o apoio de todos os grupos da Corporación para manter aberta a unitaria ata xuño e adoptar as medidas que correspondan en función das matrículas do vindeiro curso.

Malia todo, aínda non está claro que a actividade do centro vaia ter continuidade. Por este motivo, Sada, pais e nais dos alumnos e alumnas matriculados decidiron manifestarse coa intención de que non se peche a escola de Carnoedo demandando unha resposta positiva por parte da Xunta. A escola continuará aberta?





O peche das escolas unitarias reviste especial gravidade porque contribúe a precarizar, aínda máis, os servizos públicos aos que ten acceso a cidadanía, dificultando que esta poida desenvolver proxectos de futuro e comprometendo a posibilidade de fixar ao territorio a nosa cada vez máis minguante poboación. O peche das escolas unitarias non afecta só aos rapaces e rapazas; non afecta só as súas familias, que terán que buscar novas maneiras de organizar as súas rotinas; afecta ao modelo de país que queremos. Ao recortar en educación, o Partido Popular compromete o futuro do noso territorio e insiste na expulsión das novas xeracións. Isto é algo que non nos podemos permitir.

Vimos de coñecer que a natalidade en Galicia acadou mínimos históricos o pasado ano. Os 18.312 nacementos do ano pasado supoñen a cifra máis baixa dende que existe rexistros históricos. O número descendeu un 4% respecto do exercicio anterior. Fronte a isto, contabilizáronse un total de 31.600 defuncións.

Os nacementos concéntranse sobre todo nos concellos próximos as capitais y principais cidades do eixo atlántico, o que significa que o interior rural de Galicia continúa esmorecendo. Mentres que en Pontevedra e A Coruña houbo, respectivamente, 6.876 e 7.689 nacementos, en Ourense e Lugo só se produciron 1.683 e 2.064 partos.

Isto non sucede por casualidade. Galicia mingua porque as políticas do Partido Popular son incapaces de garantirlles ás familias as condicións mínimas para asentarse e desfrutar dunha vida digna. Para reverter o devalo demográfico é prioritario investir nos servizos públicos, e, moi especialmente, na educación. Ningunha parella vai decantarse por formar unha familia se non ten xeito de educar as súas crianzas sen que iso desbarate por completo as súas vidas.



É por iso que, mentres haxa rapaces e rapazas, ningunha escola unitaria debería pechar, xa que ademais de cumprir a función educativa que lles corresponde, reforzan a continuidade da poboación local. Se unha parella sabe que vai ter asegurada a educación dos seus fillos e fillas na contorna próxima, é moito máis probable que se decante por permanecer no lugar que se o acceso á educación pública depende de se o resto da veciñanza decide formar familias no mesmo período.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Manter aberta a escola unitaria de Carnoedo en Sada.
- Que teña en conta que, malia que a escola unitaria de Carnoedo conta cun número menor de alumnado inscrito requirido polo propio Goberno, no futuro é previsible que incremente o seu alumnado.
- Que se remate o curso xa que a propia Consellería permitiu que se desenvolvese a actividade académica no primeiro trimestre.
- Ter en conta o trastorno que provocaría no alumnado, familias e docentes un traslado co curso académico xa avanzado.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea





Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/12/2018 17:29:26**

**Luca Chao Pérez na data 05/12/2018 17:29:33**

**Luis Villares Naveira na data 05/12/2018 17:29:46**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos producidos a prezos irrisorios por poboacións que viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Existe, en Guísamo, antiga sede do CIAM unha colección de variedades autóctonas galegas, preto do medio centenar, recollidas e seleccionadas polos anos 60, de mazás de sidra e de mesa que están á espera de que alguén con bo criterio se lembre da súa existencia e da renomeada sona que antano tiñan entre a poboación deste País e entre a de fóra.

Houbo perante o moi lembrado Bipartito, e non sempre con boas intencións, proxectos para a reintrodución dalgúñas destas variedades que contan con tódolos elementos necesarios: presentación, aroma e sabores, para seren introducidas nun mercado cada vez máis esixente nas personalidades propias e sabores e aromas con "pedigrí".

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza:

-Deseñar e orzamentar un plan experimental de cultivo en diversas áreas xeográficas de variedades de mazás autóctonas anteriormente citadas para ver a viabilidade no seu cultivo e a súa introdución no mercado con marchamo de calidade e singularidade.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Poñer a disposición dos agricultores que así o desexen estas variedades mediante campañas divulgativas e orientativas.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

**Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 17:36:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 17:36:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 17:36:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 17:36:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 17:36:11**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 17:36:13**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## Exposición de motivos

A mocidade galega, de entre 16 e 35 anos, ten atopado na vivenda unha das súas principais batallas.

A emancipación en solitario, cunha única fonte de ingresos, é pouco probable por debaixo dos 30 anos. Tan só o 19 por cento o conseguiu a finais de 2017 (a primeiros do 2013 eran o 21,9 por cento), segundo os últimos datos do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España (CJE). Eurostat o ratifica: a idade media á que se abandona a casa familiar (29,3 anos) é a sexta máis alta en Europa.

Isto é así porque a porcentaxe de ingresos que os menores de 30 anos deben destinar para acceder a unha vivenda supera o 30 por cento recomendable. No caso das persoas asalariadas en solitario é sanguento: o aluguer cómese un 88,8 por cento dos seus ingresos e a compra un 61 por cento.

O actual Plan de vivenda 2018-2021 prevé dous tipos de axudas, tanto para o aluguer como para a compra de menores de 35 anos. Nun caso a axuda ascende a un máximo de 10.800 € para a compra de vivenda, ou axudas de ata o 50 por cento da renda para o alugueiro.

Este tipo de axudas, que no caso de compra, está restrinxida a vivendas en concellos con menos de 5.000 habitantes, non chegan a todos ou todas as mozas e non teñen en conta que estes residen e queren residir onde existen os mellores servizos, comunicacións e oportunidades de traballo, algo que dificilmente acontece no rural galego.

A incapacidade económica tanto para alugar ou comprar vivenda nas grandes vilas galegas, é especialmente complicada para todos e todas as mozas. A finais



do primeiro semestre de 2017 se constataba que, para alugar, unha persoa moza debería dedicar o 85 por cento do seu salario para poder emanciparse. Algo que é totalmente inasumible e ao que contribúe, entre outras cuestións, ó empobrecemento deste sector da poboación, así como ó retraso na súa independencia, paternidade, maternidade, e polo tanto ó avellentamento da poboación.

Dentro da Consellería de Política Social e do programa Emancipación Xuvenil, o que pretende ser unha axuda para dirixir ós e ás mozas no seu proceso de emancipación, tense reducido dende case ano e medio, a unha simple pantalla na que a única ligazón vixente en materia de vivenda fai referencia ó Plan de vivenda estatal 2018-2021.

A realidade é que non parece ter moito sentido que un Plan específico da Xunta de Galicia se reduza a ser a simple antesala doutro plan estatal, sen aportar as especificidades da nosa comunidade no proceso de busca de vivenda.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación dos e das mozas galegas, e asegurando especialmente o seu acceso á vivenda, explorando todas as posibilidades que permitan adaptarse as necesidades deste colectivo, desde a súa etapa de formación. Só a información ben recibida pode facilitar o coñecemento real dos dereitos e con elo a capacidade de exercelos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de vivenda para a emancipación xuvenil que inclúa, como mínimo, as seguintes medidas:

1. Redacción dunha guía de vivenda e emancipación xuvenil, que sirva para orientar ós e ás mozas galegas na súa busca de vivenda e que facilite unha emancipación e independencia real, informando sobre as diferentes opcións de acceso á vivenda, fórmulas contractuais, vantaxes fiscais, axudas, subvencións e modos de participación social.
2. Crear dentro das competencias do Instituto Galego de Vivenda e Solo un servizo de emancipación xuvenil que xestione unha bolsa de alugueiro para mozos e mozas, e que actúe no proceso:
  - Valorando as características das vivendas.



- Poñendo en contacto ás partes.
  - Tramitando a documentación necesaria.
  - Mediando entre as partes ante posibles incidencias.
  - Reservando vivendas competentes para mozos e mozas con diversidade funcional.
  - Favorecendo que conte cunha partida económica específica que teña como finalidade servir de fianza a mozos e mozas con escasos recursos económicos nos contratos de arrendamento de vivendas.
3. Promover experiencias de vivendas en alugueiro orientadas ós e ás mozos mediante un sistema de rotación, segundo necesidades individuais, ó modo das experiencias das *foyers* implantadas en Francia , Reino Unido ou en cidades como Barcelona, co exemplo das *vilas jovens*.
  4. Promover programas de aloxamento temporal de vivendas públicas para mozos traballadores e traballadoras e estudantes desprazados e desprazadas (estudantes, traballadores e traballadoras itinerantes, inmigrantes, persoas desprazadas, temporeiros e temporeiras...).
  5. Fomento da convivencia interxeneracional como modo alternativo de acceso á vivenda.
  6. Aumentar no IRPF a dedución autonómica do 10 por cento por aluguer de vivenda habitual para aquelas persoas mozas arrendatarias, con menores niveis de ingresos.

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 17:38:02**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 17:38:07**

**Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 17:38:12**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 17:38:17**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 17:38:22**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/12/2018 17:38:25**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## Exposición de motivos

A mocidade galega, de entre 16 e 35 anos, ten atopado na vivenda unha das súas principais batallas.

A emancipación en solitario, cunha única fonte de ingresos, é pouco probable por debaixo dos 30 anos. Tan só o 19 por cento o conseguiu a finais de 2017 (a primeiros do 2013 eran o 21,9 por cento), segundo os últimos datos do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España (CJE). Eurostat o ratifica: a idade media á que se abandona a casa familiar (29,3 anos) é a sexta máis alta en Europa.

Isto é así porque a porcentaxe de ingresos que os menores de 30 anos deben destinar para acceder a unha vivenda supera o 30 por cento recomendable. No caso das persoas asalariadas en solitario é sanguento: o aluguer cómese un 88,8 por cento dos seus ingresos e a compra un 61 por cento.

O actual Plan de vivenda 2018-2021 prevé dous tipos de axudas, tanto para o aluguer como para a compra de menores de 35 anos. Nun caso a axuda ascende a un máximo de 10.800 € para a compra de vivenda, ou axudas de ata o 50 por cento da renda para o alugueiro.

Este tipo de axudas, que no caso de compra, está restrinxida a vivendas en concellos con menos de 5.000 habitantes, non chegan a todos ou todas as mozas e non teñen en conta que estes residen e queren residir onde existen os mellores servicios, comunicacións e oportunidades de traballo, algo que dificilmente acontece no rural galego.

A incapacidade económica tanto para alugar ou comprar vivenda nas grandes vilas galegas, é especialmente complicada para todos e todas as mozas. A finais



do primeiro semestre de 2017 se constataba que, para alugar, unha persoa moza debería dedicar o 85 por cento do seu salario para poder emanciparse. Algo que é totalmente inasumible e ao que contribúe, entre outras cuestións, ó empobrecemento deste sector da poboación, así como ó retraso na súa independencia, paternidade, maternidade, e polo tanto ó avellentamento da poboación.

Dentro da Consellería de Política Social e do programa Emancipación Xuvenil, o que pretende ser unha axuda para dirixir ós e ás mozas no seu proceso de emancipación, tense reducido dende case ano e medio, a unha simple pantalla na que a única ligazón vixente en materia de vivenda fai referencia ó Plan de vivenda estatal 2018-2021.

A realidade é que non parece ter moito sentido que un Plan específico da Xunta de Galicia se reduza a ser a simple antesala doutro plan estatal, sen aportar as especificidades da nosa comunidade no proceso de busca de vivenda.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación dos e das mozas galegas, e asegurando especialmente o seu acceso á vivenda, explorando todas as posibilidades que permitan adaptarse as necesidades deste colectivo, desde a súa etapa de formación. Só a información ben recibida pode facilitar o coñecemento real dos dereitos e con elo a capacidade de exercelos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de vivenda para a emancipación xuvenil que inclúa, como mínimo, as seguintes medidas:

1. Redacción dunha guía de vivenda e emancipación xuvenil, que sirva para orientar ós e ás mozas galegas na súa busca de vivenda e que facilite unha emancipación e independencia real, informando sobre as diferentes opcións de acceso á vivenda, fórmulas contractuais, vantaxes fiscais, axudas, subvencións e modos de participación social.
2. Crear dentro das competencias do Instituto Galego de Vivenda e Solo un servizo de emancipación xuvenil que xestione unha bolsa de alugueiro para mozos e mozas, e que actúe no proceso:
  - Valorando as características das vivendas.



- Poñendo en contacto ás partes.
  - Tramitando a documentación necesaria.
  - Mediando entre as partes ante posibles incidencias.
  - Reservando vivendas competentes para mozos e mozas con diversidade funcional.
  - Favorecendo que conte cunha partida económica específica que teña como finalidade servir de fianza a mozos e mozas con escasos recursos económicos nos contratos de arrendamento de vivendas.
3. Promover experiencias de vivendas en alugueiro orientadas ós e ás mozos mediante un sistema de rotación, segundo necesidades individuais, ó modo das experiencias das *foyers* implantadas en Francia , Reino Unido ou en cidades como Barcelona, co exemplo das *vilas jovens*.
  4. Promover programas de aloxamento temporal de vivendas públicas para mozos traballadores e traballadoras e estudantes desprazados e desprazadas (estudantes, traballadores e traballadoras itinerantes, inmigrantes, persoas desprazadas, temporeiros e temporeiras...).
  5. Fomento da convivencia interxeneracional como modo alternativo de acceso á vivenda.
  6. Aumentar no IRPF a dedución autonómica do 10 por cento por aluguer de vivenda habitual para aquelas persoas mozas arrendatarias, con menores niveis de ingresos.

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 17:37:16**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 17:37:21**

**Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 17:37:26**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 17:37:30**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 17:37:34**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/12/2018 17:37:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o proceso de recentralización política no Estado español e a posición de Galiza ao respecto.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Galiza viuse afectada por un proceso de recentralización política desenvolvido aproveitando a crise económica como coartada. Os sucesivos gobernos españois acometeron mudanzas que limitaron o exercicio das competencias transferidas ao noso país estreitando, aínda máis, o autogoberno galego.

Todas estas mudanzas leváronse a cabo co visto e praxe do Partido Popular na Xunta de Galiza que actuou de cómplice necesario e mesmo de alumno avantaxado durante a última década.

Nos últimos meses, as forzas políticas da dereita española, avanzaron unha nova ofensiva recentralizadora. Neste senso, o presidente do Partido Popular, Pablo Casado, anunciou que a vontade da súa formación –a mesma que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

preside a Xunta de Galiza-- de quitar as competencias de Educación e Sanidade ás autonomías.

“¿Qué pintan las autonomías decidiendo si solo se estudia el río de su pueblo o qué idioma se tiene que hablar en el recreo?”, afirmaba no mes de novembro, Casado facendo alarde dunha mestura entre ignorancia supina e absoluto desprezo cara os distintos territorios, no que a nós respecta, cara á Galiza.

O obxectivo do Partido Popular é que a Xunta de Galiza torne nunha xestoría e apenas asuma o pagamento das nóminas do profesorado e persoal sanitario mais en ningún caso que decida sobre a selección dese persoal e moito menos sobre o deseño, planificación e ordenación destes servizos públicos que son, ademais, dereitos fundamentais.

A ofensiva recentralizadora da dereita non fica apenas no ensino. Sanidade e xustiza están tamén no punto de mira, no ataque que o Partido Popular está a deseñar e pretende lanzar contra o autogoberno do noso país. Cuestión que foi apoiada publicamente polo Partido Popular en Galiza e polo presidente da Xunta dun país, cómpre lembrar, que no estreito marco autonómico goza de competencias plenas en materia educativa e sanitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“O Parlamento de Galiza acorda por resolución amosar o seu rexeitamento ao proceso recentralizador que a dereita pretende levar a cabo no Estado español e insta a Xunta de Galiza a defender o autogoberno e ampliar a capacidade de decisión do noso país en todos os ámbitos que afectan á vida das galegas e galegos.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 17:58:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 17:58:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 17:58:45**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 17:58:46**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 17:58:47**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 17:58:48**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre os acordos adoptados polo Parlamento en relación cos estudos de Filosofía no ensino público galego e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2018 o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade unha Proposición non de lei de iniciativa popular para recuperar Historia da Filosofía como materia obrigatoria no Bacharelato toda vez que fora suprimida pola LOMCE en 2013.

Ese mesmo mes, o Congreso instou o Goberno español a reorganizar o plan de estudos para que volvan ser materias comúns e obrigatorias a Ética de 4º de ESO e a Filosofía e a Historia da Filosofía de 1º e 2º de Bacharelato.

En decembro, o Ministerio de Educación presentou unha proposta de reforma da LOMCE que non contempla o acordado e exclúe a materia de Ética do cuarto curso do ensino secundario obrigatorio substituíndoa por outra de valores cívicos.

Desde a plataforma Filosofía Si, promotora da proposta aprobada no Parlamento así como desde a Rede Española de Filosofía (REF), amosaron a súa decepción, contrariedade e rexeitamento da proposta formulada polo Ministerio. Neste senso, os





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

colectivos denuncian que sen Ética ou Filosofía en 4º de ESO non se completa o ciclo e, ademais, permite que o alumnado remate a etapa obrigatoria sen ter recibido ningunha asignatura da materia.

Cómpre lembrar que, malia a aprobación e aplicación da LOMCE, os gobernos de Cataluña, Andalucía, Asturias, Extremadura, Aragón, Cantabria, Illes Balears, La Rioja e Murcia mantiveron, con diferenzas, o estudo de Historia da Filosofía. Galiza non o fixo e esta materia non se recuperou, en Bacharelato, até o curso 2018/2019.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento reafirma o seu compromiso co estudo da Filosofía no ensino secundario obrigatorio e bacharelato e insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas e accións necesarias para garantir que o estudantado galego reciba formación nesta materia en 4º de ESO.”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2018 18:08:40**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2018 18:08:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2018 18:08:47**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2018 18:08:49**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2018 18:08:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2018 18:08:51**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Daniel Vega Pérez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Martín Fernández Prado, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez Arias** ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

## Exposición de motivos:

A comarca da Mariña de Lugo constitúe un referente no eido da pesca, albergando dous dos principais portos galegos no que á facturación en lonxa se refire, como é o caso dos peiraos de Celeiro e Burela.

Neste senso, a formación é un dos grandes aspectos que a frota e as súas tripulacións demandan para seguir mantendo unha actividade competitiva, polo que, dada a importancia deste sector e co obxectivo de dar resposta as súas necesidades, entre as cales se atopan as de formación dos profesionais da pesca, a Consellería do Mar realizou ao longo de todo o 2018 un total de 12 cursos de formación para o sector na propia comarca da Mariña lucense e que supuxo a participación de arredor de 150 persoas.

Actualmente, A Mariña Lucense conta con dúas aulas de formación pesqueira, unha situada en Burela e outra en Celeiro, ademais dunha terceira na próxima localidade coruñesa de Cariño, dotadas de material para impartir cursos de formación marítimo-pesqueira.

É necesario lembrar neste punto o proxecto que en 2004 formulou o daquela Goberno de Manuel Fraga, polo cal se contemplaba a creación dunha escola náutico-pesqueira con sede en Burela. Un proxecto que pretendía dar satisfacción á demanda do sector pesqueiro do norte da provincia de Lugo.

Sen embargo, esta idea foi desbotada e rexeitada de forma reiterada por parte do Goberno bipartito, que non chegou a materializar esta proposta, chegando incluso a votar en contra das emendas que este grupo formulou para incluír partidas orzamentarias que asegurasen esta inversión, en anos nos que tivera sido máis doado



acometer a súa financiación, nun contexto de bonanza económica e con alta demanda por parte do sector.

Hoxe, a situación ten mudado substancialmente, xa que a crise da pesca arrancada no 2008 coa escalada do prezo do gasóleo e despezamento que xerou nos anos sucesivos deixaron tamén unha demanda menor dada a falla de interese pola busca dun emprego do mar.

Certo é que esta caída de emprego e frota ten sido freada, e este grupo político, sen renunciar a que nun futuro se poida rescatar este proxecto, quere poñer enriba da mesa a posibilidade de fornecer de formación náutico-pesqueira aos profesionais desta comarca, porque ademais, sabemos que a Consellería do Mar mantén unha aposta decidida por unha formación de calidade, e isto tradúcese en que os fondos destinados a este fin volven a medrar e fano de tal maneira que acumulan unha suba dun 32% desde 2015.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a elaborar e desenvolver da man do sector, unha planificación que permita fornecer de formación náutica-pesqueira para os profesionais da Mariña lucense, no que se contemple a emisión de Certificados de Profesionalidade Marítimo-Pesqueira, organización de cursos para a adquisición e revalidación de competencias necesarias e analizar a disposición da demanda para a implantación nos centros existentes da Mariña de ciclos de formación náutico pesqueira e da FP dual como a que xa está a funcionar”.

Santiago de Compostela 05 de decembro de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/12/2018 17:04:03**

**Daniel Vega Pérez na data 05/12/2018 17:04:32**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/12/2018 17:15:19  
**Nº Rexistro: 41464**  
Data envío: 05/12/2018 17:15:19.711

**Teresa Egerique Mosquera na data 05/12/2018 17:04:59**

**María Soraya Salorio Porral na data 05/12/2018 17:05:26**

**Martín Fernández Prado na data 05/12/2018 17:05:40**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 05/12/2018 17:06:02**

**Alberto Pazos Couñago na data 05/12/2018 17:06:59**

**Marta Rodriguez Arias na data 05/12/2018 17:07:37**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO-666dN2HH-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**


### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727